

Materia / Módulo	Organización e Xestión da area de traballo asignada a unidade ou gabinete do laboratorio de diagnóstico clínico	Curso / Ciclo	1º CSLDC
Profesor/a	JOAQUINA FERNÁNDEZ TRABA		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1 a A v a l i a c i ó n	<p>U.D. 1: O modelo sanitario español.</p> <p>U.D. 2: Principios de economía sanitaria.</p> <p>U.D. 3: O laboratorio de diagnóstico clínico no sistema sanitario.</p> <p>U.D. 4: Conceptos xerais sobre calidade no laboratorio clínico.</p> <p>U.D. 5: Avaliación da calidade e ferramentas de estadística empregadas na avaliación da calidade.</p>
2 a A v a l i a c i ó n	<p>U.D. 6: Avaliación do sistema sanitario.</p> <p>U.D. 7: A seguridade e hixiene no laboratorio. Riscos Químicos e físicos.</p> <p>U.D. 8: A seguridade no laboratorio. Riscos biolóxicos.</p> <p>U.D. 9: Xestión de existencias.</p>
3 a A v a l i a c i ó n	<p>U.D. 10: Xestión de compras.</p> <p>U.D. 11: Introducción á prestación de servizos (produto sanitario)</p> <p>U.D. 12: Documentación para a prestación de servizos: clínica e non clínica.</p> <p>U.D. 13: Xestión do output no laboratorio de diagnóstico clínico.</p>

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

ACTITUDE	até 30 %		
TRABALLOS	até 30%	:	

PROBAS E EXÁMES	70 %		

MÉTODO DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación da aprendizaxe:

A avaliación será continua, formativa, orientadora e reguladora do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Poderá ser precedida ou non dunha avaliación inicial que permita determinar os coñecementos previos sobre un determinado tema. Valoraremos os progresos ou retrasos no proceso, para poder realizar as adaptacións necesarias e poder acadar os obxectivos. En todas as unidades de traballo valoraremos a presentación, redacción, organización dos traballos do alumnado, así coma as actividades realizadas, grao de participación, coñecementos sobre o tema, opinións e forma de comunicalas.

Os alumnos deberán superar as probas escritas de preguntas sobre os contidos básicos de cada unidade didáctica, en forma de exercizo con resposta curta ou tipo test e ademais un exercizo práctico para valorar os procedementos. Valoraranse así mesmo a exposición oral dos traballos realizados, así como o uso do material bibliográfico e doutro tipo, ademais da asistencia e participación na clase.

O proceso avaliativo rematará cunha avaliación final e sumativa, onde se sintetizen os datos proporcionados pola avaliación continua para así obter un xuízo global.

Criterios de calificación:

A calificación final do alumno debe reflectir o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos actitudinais, procedimentais e conceptuais mínimos.

A calificación que se aplicará neste módulo será a seguinte: a porcentaxe máis ampla da nota final reflectirá a aprendizaxe e asimilación dos contidos mínimos conceptuais e procedimentais, valorado mediante as probas realizadas. O traballo na aula e por grupo e o traballo individual, representará aproximadamente un tercio da nota global, que se incluírá na valoración actitudinal.

Aparte das medidas que legalmente se contemplan para o caso das faltas de asistencia, considerarase:

- Que as faltas de asistencia denotan unha actitude negativa, polo que repercutirán na calificación actitudinal.

- Tamén inciden directamente na aprendizaxe de procedementos polo que repercutirá na calificación procedimental.

O procedemento de avaliación ordinaria non continua para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua, consistirá en realizar as tarefas efectuadas polos demais alumnos durante o curso, ademais dun exame final único de todos e cada un dos temas do currículo.

- Teñen que demostrar que saben facer as actividades propostas tanto individuais como de grupo, así como as actividades do caderno de prácticas.
- Recoñecer e identificar o material, bibliografía, mapas, documentos e lexislación básica para o técnico de laboratorio
- Manexar correctamente e de forma individualizada a lexislación e almacenaxe dos laboratorios
- Definir termos e conceptos de forma oral ou escrita relacionados con cada unidade
- Coñecer as funcións dos técnicos de laboratorio
- Coñecer as distintas técnicas de saneamento e os seus métodos físicos e químicos
- Realización das distintas actividades de cada unidade didáctica.
- Realización de traballos de ampliación feitos na sala de ordenadores e a súa presentación en power-point.
- Resolver unha proba escrita en forma de pregunta curta ou test para facer a media ponderada coas outras actividades desta unidade didáctica, na proba escrita deberá sacar unha puntuación mínima de 3.5.